



Reclamante: [REDACTED]  
Expediente. Nº **RSCTG 074/2017**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED] en nome e representación da [REDACTED], mediante escrito do 20 de xullo de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] en representación da [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 21 de xullo de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e a disposición adicional quinta, por entender desatendida unha solicitude de acceso á información por parte do Concello de Vila de Cruces e o Instituto Galego da Vivenda e Solo.

O interesado indicaba que entendía desaparecido das páxinas Web da Xunta de Galicia e o Concello de Vila de Cruces o expediente PO 2001NR01 1ª Credencial:18115 relativo á [REDACTED]. O interesado indicaba que ao tratarse dun adxudicatario de vivenda de protección oficial e servizos sociais os datos debían constar nos rexistros públicos segundo a Lei do DOG nº 141 de 2012/7/24.

A plataforma xa pedira esta información a estas administracións e a Comisión resolvera no expediente RSCTG 51/2016, que se inadmitía porque o Concello de Vila de Cruces non era o autor do expediente e no segundo caso tratábase dun expediente en tramitación do IGVS, en

aplicación da disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro. As peticións neste expediente foran dirixidas ás administracións no mes de novembro de 2016.

**Segundo.** Con data de 1 de setembro de 2017, e previa a iniciación solicítase que aclare os termos da petición, tendo en conta que se descoñece se estamos ante unha reclamación fronte unha resolución expresa, ou ben ante unha resolución por silencio das administracións públicas. Neste intre recórdaselle o sentido da inadmisión da reclamación do expediente RSCTG 51/2016.

**Terceiro.** Con data de 1 de setembro de 2017, a Plataforma responde expresamente que se trata de dúas novas peticións, pero non as achega, tramitadas en expedientes separados, sobre os que a Comisión da Transparencia non resolveu e que *“Hemos pedido, documentos públicos que no hemos recibido, nunca, unos documentos que deberían constar en la web del IGVS y Concello de Vila de Cruces, estando a día de hoy, aún presentes en:*

*[http://iqvs.xunta.gal/ipecos-opencms-portlet/export/sites/default/PortalVivenda/Biblioteca/Resoluciones/20081219 Informe do Sorteo Vila de Cruces.pdf](http://iqvs.xunta.gal/ipecos-opencms-portlet/export/sites/default/PortalVivenda/Biblioteca/Resoluciones/20081219_Informe_do_Sorteo_Vila_de_Cruces.pdf) e [http://iqvs.es/ipecos-opencms-portlet/export/sites/default/PortalVivenda/Biblioteca/Resoluciones/20091103 Informe do Sorteo PO-2001NR01 Vila de Cruces.pdf](http://iqvs.es/ipecos-opencms-portlet/export/sites/default/PortalVivenda/Biblioteca/Resoluciones/20091103_Informe_do_Sorteo_PO-2001NR01_Vila_de_Cruces.pdf)”.*

O reclamante quíxase do feito que non se lle considere interesado por parte do IGVS, da falta de resposta do Concello de Vila de Cruces e que dado o tempo trascorrido xa non é unha petición extemporánea como resolveu anteriormente a Comisión da Transparencia, pero que en todo caso segue sen resposta.

**Cuarto.** Con data do 25 de setembro de 2017 a secretaría da Comisión procede a facer unha dilixencia de incorporación da documentación existente no RSCTG 51/2016 e que constituían antecedentes de feito.

**Quinto.** Con data do 25 de setembro de 2017, déuselle traslado da documentación achegada polo interesado e dos antecedentes que lle correspondían a cada unha das dúas administracións implicadas na denegación de acceso á información, IGVS e Concello de Vila de Cruces para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegasen informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude polo Concello de Vila de Cruces foi o 27 de setembro de 2017. O IGVS pola súa parte recibiu a petición de informe o 29 de setembro de 2017.

**Sexto.** Con data de 26 de setembro de 2017, detéctase que non se lles remitira ás administracións a reclamación de data de 20 de xullo de 2017 realizada polo reclamante ante a Comisión e se procede a facer un segundo envío.

A recepción deste segundo envío é de 28 de setembro de 2017 para ámbalas dúas administracións.

**Sétimo.** Con data de 23 de outubro de 2017, recibíuse o informe do Concello de Vila de Cruces no que indicaba que *“salvo erro ou omisión involuntario, nesta administración só consta un escrito de acceso á información de data 23 de novembro de 2016(...) O mesmo día que se recibiu este escrito por rexistro electrónico, dende o departamento de Alcaldía do Concello de Vila de Cruces puxémonos en contacto telefonicamente coa persoa que presentou o escrito de solicitude para informarlle de varias cuestións.*

*Por un lado, que no Concello de Vila de Cruces non existía ningunha documentación ao respecto, xa que as vivendas do Poboado Mineiro do Fontao son propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo, e que este organismo público é o encargado de recibir as solicitudes de vivendas, levar a cabo os sorteos e realizar ás adxudicacións das mesmas.*

*Por outro lado e atendendo á lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal, tamén se lle informou nese momento á persoa que presentou o escrito pola plataforma dixital, [REDACTED], que non era a mesma persoa sobre a que solicitaba a información, que resultaba necesario que a solicitude viñese realizada polo propio interesado ou ben que viñese acompañada cun poder de representación.”*

O informe indicaba tamén, que en ningún momento se impediu o acceso á información senón que se lle informou telefonicamente de que o concello carecía de documentación sobre a cuestión, e que en todo caso a solicitude debía ser presentada polo propio interesado ou a través dun poder de representación e dirixila ao IGVS. Indica expresamente que o Concello o único que fixo en relación con esta cuestión foi *“ a publicación no taboleiro de anuncios dos anuncios remitidos dende a administración autonómica durante o tempo de exposición pública. É por iso que o ente que está en posesión da información solicitada é o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.*

**Oitavo.** Con data de 13 de outubro de 2017 o IGVS informa que desde que se remitiu á Comisión o 12 de xaneiro de 2017, para o expediente RSCTG 51/2016 o informe e documentación non se fixo ningunha outra actuación e danse por reproducidos respecto a existencia da solicitude e a súa natureza o recollido daquela.

O informe de 13 de outubro de 2017 ven acompañado dunha contestación de solicitude de información de 16 de xaneiro de 2017, con rexistro de saída nº 782/RX66380 do 17 de xaneiro do 2017.

O informe recolle que a solicitude de informe se fundamenta no exercicio do dereito de acceso á información pública formulado e referido ao procedemento de segundas adxudicacións para

o poboado mineiro de Fontao, no Concello de Vila de Cruces, sorteo do 19 de decembro de 2008. Seguidamente indica *“Non en tanto, cómpre comunicar que a solicitude non ten por obxecto o acceso á información pública nos termos regulados polas Lei estatal 19/2013 e Lei autonómica 1/2016. O obxecto da solicitude de información formulada pola citada asociación non comprende información suxeita ás obrigas de transparencia establecidas nas Leis 19/2013 e 1/2016. Neste senso (...), con data 28 de novembro de 2016 a Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Coruña informóuselle de que a información solicitada era información particular sobre un expediente concreto e do canle procedimental adecuado.*

*Segundo o artigo 12 da Lei 1/2015: 1. A información particular é aquela que versa sobre o estado ou contido de procedementos en tramitación ou xa finalizados, así como sobre a identificación das autoridades e persoal ao servizo do sector público autonómico responsables da súa tramitación*

*2. Esta información só poderá ser facilitada ás persoal que teñan a condición de interesadas en cada procedemento, ou a quen exerza a súa representación legal, de acordo co disposto nos artigos 31 e 32 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nos termos establecidos no artigo 37 da dita Lei, na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no artigo 14 da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*

*3. A información particular será proporcionada polos órganos, servizos e unidades de xestión dos ámbitos competenciais específicos.*

*Ao abeiro do disposto na Lei 39/2015, as referencias aos artigos 31, 32 e 37 da Lei 30/1992 deben entenderse substituídas, respectivamente, polos artigos 4, 5 e 13 d) da Lei 39/2015.*

*Do contido da solicitude formulada e do artigo 4 da Lei 39/2015, pode decucirse claramente que a [REDACTED] non ten nin tivo a consideración de interesado no procedemento obxecto da solicitude de información presentada o 29 de novembro de 2016, relativa ás segundas adxudicacións de vivendas do poboado mineiro de Fontao, no concello de Vila de Cruces, sorteo do 19 de decembro de 2008, no que [REDACTED] obtivo o nº 1 da lista de pre-adjudicatario provisional do cupo xeral.*

*Da documentación achegada por vostede tamén cabe deducir, sen dúbida, que a asociación ao formular a solicitude de información particular do 29 de novembro de 2016, non actúa en representación de [REDACTED].*

*Así as cousas lamentamos comunicar que non podemos acceder ao subministro da información solicitada. ”*

**Noveno.** En relación aos datos da petición de novembro de 2016, incorporada a este expediente a través do contido do expediente 51/2016, recolleremos nos fundamentos aqueles datos relevantes para a resolución.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, do 9 de decembro e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta Lei 19/2013, do 9 de decembro, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na

súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

### **Cuarto. Prazo para resolver**

Recibidos os informes das administracións queda claro que por escrito o agora reclamante demandou unha soa vez, no mes de novembro de 2016, unha petición de acceso á información ante cada administración. No caso do Concello de Vila de Cruces esta Comisión xa entrou sobre o fondo do asunto na resolución de 5 de abril de 2017 e inadmitiu a petición. Para clarexar este aspecto cómpre indicar que independentemente de que non exista resolución desa administración, o concello só participou no expediente para poñer no taboleiro de anuncios da corporación a información que lle foi requirida polo IGVS, e só podería informar por este asunto, e en todo caso o interesado xa lle solicitou no mesmo mes de novembro de 2016 a información ao titular da información que non era outro que o IGVS . Por tanto, non procede establecer cal é o prazo para resolver, pois xa é un asunto resolto por esta administración.

En relación á solicitude presentada por Pladesemapesga ante o IGVS, tras a análise da documentación do 9 de novembro de 2017, remitida polo IGVS a esta comisión cómpre indicar que se remite unha contestación á solicitude de información presentada no correo electrónico do IGVS o 29 de novembro de 2016. Esta comunicación ten rexistro de saída de 17 de xaneiro de 2017 na que o Instituto indica no remate da contestación *“Así as cousas lamentamos comunicar que non podemos acceder ao subministro da información solicitada.”* Este escrito está asinado pola Xefa de Área Provincial e non establece os prazos para interpoñer o recurso potestativo ante a Comisión da Transparencia, nin o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo. O reclamante ante a Comisión da Transparencia di que lle negan o acceso á mesma contravindo a aplicación da Lei da Transparencia. Pladesemapesga presenta a súa reclamación o 21 de xullo de 2017. Pois ben, dado que a resposta achegada tras a solicitude de [REDACTED] está feita pola xefa de

servizo. Hai que concluír que está asinada por alguén que non forma parte de ningún dos órganos que o artigo 27.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece como os competentes para resolver ao non tratarse da persoa titular de ningún dos órganos alí establecidos, por tanto hai que entender que non existe unha resolución en relación ao exercicio do dereito de acceso á información pública.

A maior afondamento, e tendo en conta o artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, que indica que as notificacións das resolucións deberán recoller nela se pón fin ou non a vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, no seu caso, en vía administrativa e xudicial, e o órgano ante o que deberán presentarse e o prazo para interpoñelos. No caso de que se omitan estes requisitos as notificacións xurdirán efecto a partir da data na que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido ou alcance da resolución ou acto obxecto da notificación, ou interpoñan calquera recurso que proceda.

Na solicitude que Pladesemapesga dirixiu ao IGVS enténdese que non existe resolución, ou que cando menos notificouse cos erros indicados, polo que a presentación da reclamación con data de 21 de xullo de 2017 é perfectamente admisible.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O interesado pretende que se lle achegue do expediente PO 2001NR01 os datos solicitados e que están relacionados cos datos concretos do adxudicatario dunha vivenda social no poboado mineiro de Fontao en Vila de Cruces, a partir dos datos de preadxudicatarios provisionais.

As 8 páxinas da solicitude de información, de 23 de novembro de 2016 (data da firma dixital do reclamante), ante o IGVS claramente se inician co exercicio dunha solicitude ao amparo da lexislación galega e estatal de transparencia. E se solicita a información e datos concretos do adxudicatario dunha vivenda social no poboado mineiro de Fontao. [REDACTED]

O IGVS entende que é de aplicación a Lei 1/2015 do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, en concreto o artigo 12 desta norma que se ocupa da definición da información particular. Este artigo incorpórase dentro do título I que se refire á atención á cidadanía, en concreto, dentro dos mecanismos de acollida ao cidadán e tipifica a información. Nesta tipificación o artigo 10 cita expresamente “*a que determine a normativa de transparencia da actividade pública*”. Sen embargo, e a pesar disto o IGVS di que non se está exercitando o dereito de acceso á información pública en relación á adxudicación dunha vivenda social no poboado mineiro de Fontao en Vila de Cruces a [REDACTED], senón que se trata dunha solicitude de información particular que só pode facilitarse á persoa que teña a condición de interesada en cada procedemento, e respecto da que non

se achega a representación, por isto non se resolve de acordo coa lei de transparencia senón como unha resposta no marco da lexislación da garantía da calidade dos servizos públicos, pero esta resposta faise sen respectar a lexislación de procedemento administrativo común, isto é, sen que se lle indique esta situación ao interesado, e sen darlle polo tanto, o trámite de 10 días para a emenda e mellora da solicitude (artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, hoxe 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro).

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, é unha lei básica de procedemento administrativo común en materia de transparencia que define a información pública como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións. Esta lei básica establece que a aplicación dos límites dos artigos 14 e 15 para o exercicio deste dereito terá que estar xustificada e ser proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección e atenderá ás circunstancias do caso concreto, especialmente á concorrencia dun interese público ou privado superior que xustifique o acceso.

A única motivación que se dá é a de que se trata dunha información particular que só se pode facilitar ao interesado ou ao seu representante legal. Pero como a normativa da transparencia establece un dereito moi amplo en relación á información pública, e que só aqueles que segundo o procedemento administrativo teñan a condición de interesados nos procedementos en curso deberán usar a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo (disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro), para todos os demais está a solicitude de dereito de acceso que conlevará a suspensión da resolución para dar un trámite de audiencia aos terceiros interesados tal como recollen os artigos 19, 20 e 24 da Lei 19/2013 do 9 de decembro.

Por tanto, dado que se trata dun expediente finalizado, e que o principio da transparencia da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro está definido como aquel polo que toda a información pública é accesible e relevante e toda persoa ten acceso libre e gratuito a ela, coas únicas excepcións previstas na lei. Esta información, debe ser trasladada ao reclamante, previa a cumprimentación do trámite de audiencia previsto no artigo 19.3 da Lei 19/2013, do 18 de xaneiro, facendo se é necesario a ponderación entre o interese público e o interese particular previsto no artigo 15 da citada norma.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

## **ACORDA**

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede



**Primeiro:** Estimar parcialmente a reclamación presentada por [REDACTED] en nome e representación da [REDACTED] con data 20 de xullo de 2017, contra a denegación da información do IGVS, e inadmitir a petición de tramitación do expediente en relación ao Concello de Vila de Cruces nos termos expostos nos puntos cuarto e quinto dos fundamentos xurídicos.

**Segundo:** Instar ao IGVS a que, no prazo mais breve posible, tras a audiencia ao interesado, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, cumprindo os requisitos da formalización do artigo 22 da Lei 19/2013 do 9 de decembro .

**Terceiro:** Instar ao IGVS a que, no prazo máximo de 15 días hábiles desde a notificación da resolución, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e a recepción da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2017

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga